

**“CIRCULAR RELATIVA O BUS UNIVERSITARIO 2008/2009  
CAMPUS DE SANTIAGO**

O concello de Boiro, a través da Concellería de Educación comunica que a partir do **24 de Setembro ata o 23 de Novembro** abrirase o prazo para solicita-la a subvención de transporte universitario para aqueles rapaces/as que se desprazan a **Santiago** por motivos de estudio nas seguintes modalidades:

**SERVIZO DIARIO**

Para poder acceder a esta subvención, o alumnado deberá presentar no rexistro Xeral do Concello unha solicitude, especificando a modalidade do servizo ao que queren acollerse, acompañada da seguinte documentación:

- Volante de empadramento no que conste que figura inscrito neste concello con unha antigüidade de alomenos dos dous últimos anos.
- Copia autenticada da matrícula. (ou carné de estudante no caso de non tela)

Os bonos deberán mercarse, nos **primeiros cinco días de cada mes**, nas Oficinas de Servizos Económicos do Concello de Boiro.

O prezo deste servizo para o curso 2008/2009 é de **80** Euros.

**SERVIZO FIN DE SEMANA:**

A documentación será a mesma que a indicada para a modalidade de “SERVIZO DIARIO” debendo indicar a maiores o lugar de recollida do autobús dentro do municipio (Escarabote, Boiro ou Cespón).

Os bonos deberán mercarse, nos **primeiros cinco días de cada mes**, nas Oficinas de Servizos Económicos do Concello de Boiro.

Os prezos desta modalidade son:

- Boiro-Santiago **31.20** Euros
- Escarabote-Santiago **34.80** Euros
- Cespón-Santiago **29.01** Euros

## CAMPUS DE SANTIAGO

### **HORARIOS DOS AUTOBUSES:**

Serán os das líneas regulares establecidos pola empresa que presta o servizo:

### **NOTA:**

As persoas que non poidan presentar a copia da matrícula por non tela cursada, deberán axustarse os prazos sinalados presentando con posterioridade dita copia no Centro Social de Boiro. Non serán recollidas as solicitudes entregadas fora do prazo, sendo éste improrrogable.

Non se concederán subvencións para aqueles/as que cursen estudos en centros privados nin que realicen especialidades que se poidan estudar nos Institutos do Concello.

Boiro, 26 de Setembro de 2008